



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Corbacho Valencia, Juan Manuel
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
González Álvarez, Dolores
Graña Rodríguez, Ana María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Pena Uris, Gloria M.
Rodríguez Vázquez, Virxilio

DECANOS/DIRECTORES:

Cuiñas Gómez, Íñigo
Fernández Prieto, Marta
García Señorán, María del Mar
Lantarón Caeiro, Eva M^a
Pérez Abellás, Adolfo
Roca Pardiñas, Javier
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier
Romo Pérez, Vicente
Tellado González, Fernando
Valero Gutiérrez del Olmo, Enrique

PDI-A:

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos
Castro Cerceda M^a Luisa
Costas González Xosé Henrique
García-Pintos Escuder Adela
Llamas Nistal Martín
Meana Martínez Juan Carlos
Pérez Cota Manuel
Pino García, Antonio
Reigosa Roger Manuel Joaquín
Rivo López Elena
Vaquero Díaz M^a Beatriz

PDI-B:

González Jorge, Higinio

ESTUDANTES:

Alfonso Carbó, Pedro
Diéguez Rodríguez, José Miguel
González Varela, Luis
Louzao Carreira, Alexandre

PAS:

Cebro Rodríguez, Xan
Mollinedo Lois, Carlos
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio
Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico A.

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Pillado González, Esther
Pou Saracho Juan María
Rubio Armesto, Belén
Seoane Posse, Elena Celsa

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 14 de marzo de 2016, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **14 de marzo de 2016** ás 10:30 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 12 de febreiro de 2016.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do calendario académico para o curso 2016/2017.
4. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de máster para o curso 2016/17.
5. Aprobación, se procede, do límite de prazas de grao e máster para o curso 2016/17.
6. Aprobación, se procede, das declaracións de interese de títulos de grao, máster e doutoramento para o curso 2017/18.
7. Aprobación, se procede, do acordo sobre a ampliación da duración do permiso de paternidade aplicable ao profesorado pertencente aos corpos docentes universitarios.
8. Aprobación, se procede, da Convocatoria de axudas á investigación do ano 2016.
9. Aprobación, se procede, da Convocatoria de prazas e axudas de aloxamento nas residencias de estudantes da Universidade de Vigo, para o curso 2016/17.
10. Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada presentado por D. José Bonome García, sobre a adxudicación dos premios extraordinarios de doutoramento 2014/15 do ámbito Artes e Humanidades.

11. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración entre a *Universidade de Porto, a Universidade de Trás-Os-Montes e Alto Douro* e a Universidade de Vigo para o fomento da empregabilidade dos seus estudantes – Convenio de cooperación entre a Universidade de Vigo e a *Università degli Studi di Perugia* – Convenio específico para o programa de doutoramento en Tradución e

Paratradución entre a Universidade de Vigo e o *Instituto Politécnico do Porto* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Católica Portuguesa* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Católica Portuguesa* para o intercambio de estudantes – Convenio específico de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas (curriculares) en entidades colaboradoras, coa *Universidad Autónoma de Barcelona* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad del Salvador* (Arxentina) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad del Salvador* (Arxentina) para o intercambio de estudantes.

12. Elección dun representante do PDI na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes.
13. Rogos e preguntas.

Antes de dar comezo a sesión, o reitor manifesta o seu desexo de enviar dende esta tribuna, que é o máximo órgano de goberno da Universidade, un abrazo e unhas sentidas palabras de ánimo para as familias de dos profesores D. Ángel Rodríguez Gallardo e D. José Antonio Vilán Vilán. Expresa o seu desexo, e o de toda a comunidade, de que poidan saír adiante da difícil situación na que se atopan e poidamos contar con eles no futuro. Trátase sen dúbida dunha semana dura para a Universidade, engade, por iso queremos enviarlle ás familias o noso ánimo e fortaleza.

A continuación, dá lectura ás persoas que escusaron a súa asistencia.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 12 de febreiro de 2016.

Indica o reitor que debido a dificultades na revisión e incorporación dos anexos, a acta da sesión anterior foi enviada máis tarde que o resto da documentación deste Consello de Goberno, polo que pedimos desculpas. Non se presentaron alegacións, polo que ao non haber comentarios dos presentes, propón a súa aprobación.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

1.- Comeza o reitor manifestando o seu fondo pesar e o do equipo de goberno polo falecemento de D. Luís Rodríguez Míguez, o día 27 do pasado mes. Lembra que se tratou dun médico, pioneiro no ámbito do termalismo, que tiña especial vinculación co Campus de Ourense e a Facultade de Ciencias, que lle concedeu a súa Medalla de Ouro. Expresa que se trata dunha gran perda para a Universidade e quere recoller no seu informe a súa colaboración co Campus de Ourense.

2.- Continúa o reitor, cambiando de rexistro, expresando as súas felicitacións a dous profesores: D. Jacobo Porteiro, profesor Titular do Departamento Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos, polo seu nomeamento como presidente dun dos comités da Axencia Internacional da Enerxía, concretamente o Comité de Combustión, que reúne un grupo de expertos de 14 países arredor da mellora na eficiencia dos procesos de

combustión e na redución de contaminantes. E felicita tamén a dona Coral del Río, catedrática do Departamento de Economía Aplicada, pola concesión do Premio Ernestina Otero, outorgado polo Consello Municipal da Muller e que recibiu o venres 11 no marco dos actos que o Concello de Vigo organizou para celebrar o Día Internacional das Mulleres

3.- Prosegue o reitor cos asuntos específicos do informe, destacando en primeiro lugar o acordo acadado co Concello de Pontevedra, que suporá unha bonificación do 95% no pago do Imposto sobre Bens Inmóbles polos edificios do Campus de Pontevedra. Cualifica o reitor de decisión xenerosa, pero tamén intelixente, esta drástica redución que permitirá ter un marco estable de colaboración entre ambas entidades, e se traducirá nunha maior implicación da Universidade coa cidade. Explica o reitor que os recentes cambios normativos e sentenzas facultan aos Concellos a realizar a exención dos impostos sobre bens inmóbles, sendo o máximo o 95% que acordou o Concello de Pontevedra. Expresa a súa confianza en que se poida acadar un acordo similar nas outras cidades, Ourense e Vigo, na que se está negociando na actualidade.

4.- Informa a continuación de que o venres 4 deste mes constituíuse a comisión mixta de traballo entre a UVigo e a Deputación de Pontevedra, encargada de definir os plans anuais de traballo que se desenvolverán dentro do Convenio asinado en decembro. Na actualidade, estanse a definir os obxectivos. Destaca a importancia da colaboración dos expertos da Universidade en proxectos que a Deputación propón para optar a convocatorias europeas, que os poden facer máis competitivos. Neste sentido, expón que dende a oficina de proxectos internacionais, Anxo Moreira buscará os equipos de investigación que poidan apoiar os proxectos que propoña a Deputación. A continuación enviarase unha carta a todos os investigadores das dúas cidades con campus da provincia, que estean interesados en colaboración para poder artellar unha actuación coa Deputación Provincial, para poder canalizar as inxerencias dos investigadores e lograr unha mellor estratexia. Destaca o reitor que se trata dun marco que mellora substancialmente ás relacións con esta entidade no campo de investigación, pero tamén no eido académico.

5.- A seguir, comenta que se celebraron recentemente os dous consellos de campus, un en Pontevedra e outro en Ourense, nos que, ademais de abordar diversos temas que foron recollidos nos respectivos informes de campus que os vicerreitores presentaron diante deste Consello de Goberno, acordouse elevar a expresión de interese dos programas de doutoramento que afondan na especialización dos dous campus. Ditos programas contan cun amplo apoio por parte dos investigadores, sendo referendado un deles por máis de cen e outro por máis de 50 investigadores.

6.- Continúa o seu informe dando conta da presentación da iniciativa SPIN 2016, que terá lugar os días 29 e 30 de setembro e 1 de outubro na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela. Explica que se trata dunha plataforma destinada ao impulso de empresas de alto impacto baseadas no coñecemento e na I+D, impulsada pola rede Emprendia, principal rede universitaria en innovación e emprendemento da rexión iberoamericana, que conta co apoio do Banco Santander, a través de Santander Universidades. Este ano cóntase coa participación das tres universidades galegas e o apoio da Xunta de Galicia. Destaca o reitor a importancia desta iniciativa, que vai coincidir coa feira de emprendemento Pont-Up Store de Pontevedra.

7.- Informa o reitor da creación dunha nova área de Desenvolvemento de Infraestruturas do Campus de Ourense, necesaria polo desenvolvemento que se está a levar a cabo no Campus. Destaca esta necesidade e a vincula á creación da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do

Espazo, que require redistribuír os espazos existentes actualmente no Campus e a dotación de espazos novos. Todo este traballo, xunto con outros proxectos, fixo necesario a creación desta segunda área, ao fronte da cal propúxose ao profesor Francisco Javier Rodríguez Rajo, e el aceptou esta proposta.

Para finalizar o seu informe o reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen comeza lembrando a os membros do Consello de Goberno que o Real decreto lei 14/12, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, establece a obriga de presentar perante o Consello Social, antes do 1 de marzo de cada ano, a liquidación do presuposto correspondente ao exercicio anterior. En cumprimento desa obriga, o 29 de febreiro presentamos diante da comisión de economía do Consello Social a liquidación do orzamento do exercicio 2015. Explica o vicerreitor que o citado Real decreto lei establece que *“no caso de liquidación do orzamento con remanente de tesoureira negativo o Consello Social debera proceder, na primeira sesión que celebre, á redución do gasto no novo orzamento por contía igual ao déficit producido”*. No caso da UVigo, prosegue, o informe de auditoría deixa claro que o remanente de tesourería na liquidación do exercicio 2015 é positivo e que, polo tanto, non ten efectos sobre o orzamento 2016.

Salienta o vicerreitor a continuación, as principais magnitudes económicas:

- A diferenza entre ingresos correntes e gastos correntes é positivo en 5593 m€
- A diferenza entre ingresos de capital e gastos de capital é negativa en 5861 m€ Esta diferenza, explica o vicerreitor, é produto fundamentalmente do peche do programa marco FEDER e da realización por parte da UVigo da totalidade das actuacións financiadas con fondos finalistas, sinaladamente: Obra e dotación do edificio CACTI-CINBIO, Execución dos Proxectos Institucionais TACTICA e BIOCAPS e Subvención do Ministerio para infraestrutura científica que incluía o traslado do CACTI as novas instalacións.
- O resultado orzamentario acada cifra negativa de: 273.052,89 € no exercicio precedente foi de 2.283.406€ Neste ano, a intensidade do gasto de execución do financiamento finalista non fixo posible acadar un resultado positivo, pese ao incremento dos ingresos non financeiros.
- A variación neta dos pasivos financeiros acada a cifra negativa de: 3.699.822,41 € no exercicio precedente foi de 3.134.079 € Neste no se seguiron pagando os préstamos e devolvendo os anticipos reintegrables, acadando o punto mais alto no ciclo de reintegro.
- Saldo orzamentario foi de: 3.972.875,30 € no exercicio precedente fora de 850.674)€ Esta magnitude é produto de agregar ao resultado orzamentario o resultado das operacións financeiras. Equivale a diferenza entre dereitos recoñecidos e obrigas recoñecidas.

O vicerreitor conclúe que o resultado orzamentario foi axustado: 14.093.482,64€, a diferenza de signo e o importe acadado é produto da intensidade do gasto realizado no exercicio 2015 con cargo a financiamento finalista acadado en exercicios anteriores.

Tamén informa que, consonte indican os auditores, coa información que se dispón a data non existe motivo para facer obxección algunha ao informe de auditoría das contas anuais.

Punto 3. Aprobación, se procede, do calendario académico para o curso 2016/2017.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen presenta o calendario académico indicando que segue a liña dos destes últimos anos, no que se definen só as datas de inicio e final dos períodos académicos e os límites máximos de períodos de entrega de actas; deixando liberdade para que os centros organicen os períodos de docencia e avaliación entre estes límites. Tamén explica que a proposta foi realizada recollendo as achegas dos servizos universitarios e foi remitida aos centros, para que suxeriran modificacións. Non se recibiu ningunha.

Lembra a secretaria xeral que que os centros e as comisións académicas de máster poden axustar os períodos de docencia dentro dos límites temporais establecidos no calendario académico, debendo comunicar á Secretaría Xeral as datas que establezan.

En relación aos períodos de apertura de actas, menciona que o de fin de carreira remata o día 11 de novembro para deixar marxe á xeración de actas e que, ao igual que o ano pasado, a de inicio de máster se retrasa ao 21 de decembro, coa finalidade de evitar problemas na xestión de actas derivados dos alumnado en formación continua. Explica que este retraso pode afectar aos profesores que queiran dispor dun rexistro actualizado dos estudantes das súa materias, xa que as listas de estudantes que aparecen en secretaria virtual recolle ós matriculados pero non os que xa superaron a materia ou os que están de Erasmus. Para evitalo, lembra que existe unha utilidade na Secretaría Virtual na que ofrece información actualizada, relativa ás diferentes convocatorias de todas as actas, agás aquelas que estean xeradas por grupos, como na EEI. Indica que se informará desta opción, como xa se fixo o ano pasado, cando se dea traslado aos centros e departamentos do calendario.

Indica tamén que no mes de xullo intentouse ampliar, na medida do posible, a marxe entre o fin de entrega de actas de 2º cuadrimestre e o de fin de xullo, para ter máis datas para a realización das defensas dos TFG.

Finaliza indicando que foi achegado coa documentación tamén unha copia do calendario académico do Centro Universitario da Defensa de Marín. Subliña que este calendario é moi específico e vén moi delimitado polos condicionantes do Ministerio de Defensa, polo que practicamente non se poden introducir variacións.

Ábrese unha rolda de intervencións.

O representante de alumnos Luís González Varela manifesta, como xa fixo no curso anterior, a preocupación do estudantado polas datas nas que se incorporan os que aproban a selectividade en setembro, xa que perden varias semanas de clase. Isto dificulta o seu rendemento, como proba que as materias de 1º cuadrimestre teñan peor resultado nas avaliacións. Solicita que o reitor inste á Xunta para que se modifiquen as datas da selectividade para que isto no aconteza.

Responde o reitor, que en efecto, todos os anos acontece o mesmo, que a Xunta nunca quixo considerar a modificación e agora é claro que, quedando tan só un ano deste sistema, non o vai facer.

O profesor Bienvenido Diez lembra que nun Consello de Goberno do ano pasado acordárase que se enviaría o calendario académico aos sindicatos, do mesmo xeito que se circula entre os centros, para poder facer suxestións.

Responde a secretaria xeral pedindo desculpas polo esquecemento. Asegura que non se repetirá.

O reitor agradece aos representantes sindicais a súa comprensión.

Apróbase o calendario académico (**Anexo I**).

Punto 4. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de máster para o curso 2016/17.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado para presentar o punto. Explica a vicerreitora que nas táboas achegadas, a primeira columna amosa o número de horas derivadas na norma e na segunda columna as horas solicitadas polas comisións académicas. A proposta que se presenta para aprobación, e que conta con informe favorable da COAP, corresponde á columna da dereita na documentación que se presenta.

Dado que na maior parte dos másteres a proposta da comisión académica coincide co número de horas que se obteñen da aplicación da norma, pasa a detallar tan só os puntos nos que existen diverxencias:

- Másteres interuniversitarios: Oceanografía e Lingüística Aplicada. Os títulos interuniversitarios están pensados para que a docencia se imparta entre as universidades que comparten o título, de xeito que non se trate dunha mera repetición do máster completo en cada unha das universidades. Por esta razón, non se considera o incremento de horas solicitado.
- Másteres con actividades formativas recollidas na memoria que non se contemplan na normativa: Oceanografía e Administración Integrada de Empresas E Responsabilidade Social Corporativa. Esta solicitude xa foi atendida o ano pasado, e a proposta é atendela de novo.
- Solicitudes referidas ao número de estudantes: Comercio Internacional e Minas: debido ao número de estudantes matriculados, para poder duplicar os grupos se precisa do aumento solicitado.

O representante de alumnos Luís González Varela desexa facer constar a súa abstención.

Intervén o profesor López Abellás, quen solicita aclaracións en relación coa normativa de másteres. Dá lectura a un parágrafo de dita norma, no que se indica que os másteres habilitantes para profesións terán repercusión en POD. En base diso, pregunta por que o máster de Profesorado de Educación Secundaria, que habilita para a profesión non está recollido en POD.

Responde a vicerreitora explicando que esa normativa aínda non está aprobada, está en fase de elaboración. Por ese motivo, a PDA dese máster está trasladada directamente, tal como foi proposta pola comisión académica de máster.

O profesor Abellás indica que nese máster débese ter en conta que hai moitos profesores alleos á Universidade de Vigo, e a vicerreitora responde que iso non garda relación co que se aproba agora, que é o número de horas. Ese aspecto se recollerá no POD, que se se elaborará nas vindeiras semanas.

Ao non haber máis intervencións, procédese a realizar a votación: co resultado de 32 votos a favor, ningún en contra e cinco abstencións, polo que queda aprobada a proposta de PDA de máster para o curso 2016/17 (**Anexo II**).

Punto 5. Aprobación, se procede, do límite de prazas de grao, máster e doutoramento para o curso 2016/17.

Cede a palabra o reitor á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado que expón que a proposta, con informe favorable da COAP, consiste esencialmente en manter os números do curso anterior, con 4 excepcións: Comercio, Enxeñaría de Organización Industrial, Enxeñaría Mecánica e Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, que propoñen unha redución menor ou igual ao 5%, que é o máximo permitido.

Indica a vicerreitora que hai un erro na columna do curso 15/16, pero que non afecta á proposta que se debe aprobar. Pero que si hai dous erros a ter en conta: na documentación: non aparece o novo Grao en Enxeñaría Aeroespacial, que ofertará 50 prazas de novo ingreso, e en Ciencias da Linguaxe, que figura 60 cando ofertará 50 prazas.

Respecto dos másteres, subliña que a oferta dos mesmos está condicionada á autorización por parte da Consellería de Educación. Ademais, as comisións académicas poden solicitar a suspensión por un curso da oferta. Nestes momentos non temos comunicación oficial desta circunstancia, aínda que si algunha información ao respecto, polo que se solicita do Consello de Goberno que autorice a eliminación das prazas ofertadas polos másteres que cursen esta solicitude.

Intervén o profesor Álvarez Villamarín para explicar que votará en contra, como xa o fixo na COAP, xa que non pode aceptar un número de prazas tan elevado no seu ámbito, nunha titulación que xa está duplicada.

Ao no haber máis intervencións, procédese a votar á proposta: recibe 35 votos a favor, un en contra e unha abstención, polo que se aproba o límite de prazas de grao, máster e doutoramento para o curso 2016/17 (**Anexo III**).

Punto 6. Aprobación, se procede, das declaración de interese de títulos de grao, máster e doutoramento para o curso 2017/18.

Novamente o reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen comeza indicando que as propostas de grao e máster contan con informe favorable da COAP e as de Doutoramento con informe favorable da EIDO. Lembra que este é un primeiro paso, que as solicitudes de creación ou modificación de títulos que sexan aprobadas terán que estar o 1 de agosto, polo que, nese tempo, deberán elaborarse as correspondentes memorias. Comeza a explicar as declaracións de interese agrupándoas por tipos:

- Graos: Explica que as propostas de modificación derivan dos informes de acreditación dos dous títulos. Céntranse esencialmente na modificación das fichas das materias pola revisión das competencias do título.
- Másteres: Dá conta a vicerreitora das causas diversas polas que se solicitan Por unha banda, algunhas modificacións son adaptacións consecuencia dos informes de acreditación, como no caso de Enerxía e Sustentabilidade, Fotónica, Arte Contemporánea, Finanzas e MBA.

Por outra banda, os títulos que non acadaron o mínimo de 20 alumnos deben modificarse no senso de incrementar o estudantado potencial para poder impartirse a partir do curso 17/18. Neste caso se encontran: Contaminación Industrial, Organización Industrial e Fotónica.

Outros, presentan unha solicitude modificación que corresponde a adaptacións de contidos ou metodoloxías froito da reflexión da propia comisión académica: Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica, Dirección Integrada de Proxectos, Investigación Química e Xestión Empresarial do Deporte.

Cabe sinalar, continúa a vicerreitora, que nos másteres interuniversitarios, as modificacións só poderán realizarse se a solicitan todas as universidades participantes.

Por outra banda, salienta que estas modificacións deben recibir, para poder realizarse, informe favorable da Xunta. Neste senso, hai que sinalar que no curso anterior non se autorizou a modificación dos títulos pendentes de acreditación para o curso seguinte.

Prosegue indicando que en doutoramento preséntase unha modificación que responde á conversión do programa Protección do Patrimonio Cultural xa existente nun programa interuniversitario, incorporando á USC.

Finalmente, a vicerreitora refire que se presentan tamén dúas novas propostas, que nacen dos campus de especialización de Ourense e Pontevedra, e para a súa presentación cede a palabra aos vicerreitores de campus.

O vicerreitor do Campus de Ourense, Virxilio Rodríguez Vázquez, presenta a proposta “Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento”, que nace co obxectivo de establecer un programa de doutoramento propio do Campus da Auga, que se constrúa sobre os programas de posgrao xa existentes no Campus e incremente o número e o nivel investigador dos doutorandos concedidos, mediante a potenciación de sinerxías creadas polas iniciativas de Investigación e Internacionalización.

Como consecuencia, explica o vicerreitor, na súa definición participaron as seis áreas de especialización do Campus da Auga –Xestión da auga, Innovación social e educativa, Medio ambiente, TIC, Turismo-patrimonio cultural e Alimentación, aglutinadas en tres bloques temáticos (Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento)- que conta coa colaboración de todos os departamentos do Campus de Ourense. No seu deseño partiuse das seguintes premisas: estableceuse a Comisión Académica do Programa de Doutoramento e procedeuse a identificar as liñas de investigación que puideran confluír neste programa e non supuxeran unha competencia con outros programas de doutoramento xa existentes. Realizada a definición inicial, prosegue o vicerreitor, fíxose un chamado a todos os investigadores que estiveran interesados en participar, adheríndose un total de 96 investigadores, dos cales 66 aportan sexenios ao programa. Con posterioridade, e atendendo ao carácter internacional do Campus da auga, estendeuse o chamado ás Universidades de Trás-os-Montes e Alto Douro e do Instituto Politécnico do Porto, coa incorporación de 12 investigadores da UTAD e 14 do Instituto Politécnico.

Subliña o vicerreitor que esta proposta responde fielmente ás necesidades formativas e científicas do proceso de especialización do Campus da Auga, o que garante o seu carácter estratéxico, non colisionando con ningún outro título oficial existente na Universidade de Vigo e que cumpre as esixencias previstas no artigo 4 do Decreto 222/2011, pois se trata dun programa de doutorado que ten en conta a súa localización e o seu contexto socio-económico, no que a investigación constitúe o alicerce do coñecemento e a competitividade nos sectores

implicados. Remarca a colaboración entre os seus socios, así como apoio institucional das Administracións Locais, Provinciais e Autonómicas.

Finaliza o vicerreitor indicando que este programa se desenvolverá baixo a coordinación do profesor Dr. Francisco Javier Rodríguez Rajo, e agradece a colaboración dos membros da comisión, en especial de Susana Álvarez, e indica que a proposta conta coa aprobación da EIDO.

A continuación, o vicerreitor do Campus de Pontevedra realiza a presentación do Programa “*Creatividade e Innovación social e sustentable*”, que constitúe a plasmación do primeiro obxectivo estratéxico da Comisión do Campus. Manifesta o seu agradecemento á profesora dona Alicia Gómez Represas pola súa intensa participación encabezando a Área Académica da Comisión de Dirección Técnica do proxecto CREA S2i. O vicerreitor dá conta da situación de partida, coa existencia na actualidade de tres programas de doutoramento no Campus de Pontevedra, un deles interuniversitario, que levan á necesidade de impulsar as sinerxías entre eles e cos campus de Ourense e Vigo. Tamén evidénciase que moitos profesores, a pesar de dirixir teses, non participan nun programa de doutoramento. Polo tanto, prosegue o vicerreitor, con estas bases iniciouse unha rolda de reunións, primeiro cos equipos directivos, logo coas coordinacións de programa de doutoramento, investigadores e investigadoras susceptibles de participar no programa e finalmente investigadores e investigadoras en xeral, que cristalizaron na definición liñas de investigación vinculadas aos catro eixos deste proxecto de especialización: Arte, Comunicación e Creatividade; Educación, Innovación Social e Xestión Pública; Deporte, Saúde e Benestar e Medio Ambiente e Natureza, apoiadas por proxectos de investigación a nivel autonómico, nacional ou internacional. Trátase, polo tanto, dunha proposta transversal e multidisciplinar, que dará acubillo a todas as liñas de investigación que se desenvolven no Campus e na que a innovación é a liña común. Destaca o vicerreitor que polo de agora máis de 50 investigadores e investigadoras do Campus, que reúnen os requisitos para participar nun programa de doutoramento, que xa manifestaron a súa vontade de formar parte do mesmo e confían que esta bolsa se incremente. Pide, finalmente, que o Consello de Goberno apoie esta proposta.

Tras a exposición por parte dos vicerreitores, o reitor abre unha rolda de intervencións. Intervén o profesor Reigosa Roger, quen desexa formular dúas preguntas en relación coas novas propostas de programas de doutoramento. En primeiro lugar, cuestiona acerca de se pode saber se os investigadores que se adheriron a estes programas estaban anteriormente noutros e se abandonaron o anterior ou permanecen nel. En segundo lugar, pregunta acerca de como se xestiona a diversidade de áreas nun mesmo programa de doutoramento.

Comeza respondendo a vicerreitora de Organización académica e Profesorado á segunda das cuestións formuladas. Aclara que, como recolle a normativa da Universidade, o profesorado só poderá estar asignado con carácter xeral a un programa de doutoramento. Tan só de xeito excepcional, como son os programas interuniversitarios ou nestes casos, asimilables ao programa de doutoramento do Campus do Mar, pódese permitir a asignación de profesorado a dous programas de doutoramento.

En relación coa segunda cuestión, coincide en que é un reto asumir un programa tan interdisciplinar, polo que será necesario traballar moito nesa dirección e plasmalo de xeito claro nas memorias. Reitera que deberá seguirse o modelo do programa de doutoramento do Campus do Mar.

Confirma o reitor que ese é modelo é o que deu acubillo a disciplinas moi diversas, como historia, dereito, recursos mariños, etc. e certamente é un modelo de éxito. Destaca que os

beneficios serán en primeiro lugar dar cobertura a aqueles grupos investigadores que non teñen masa crítica para dar resposta as investigacións e que queiran matricular aos doutorandos neste programa. En segundo lugar, permitirá potenciar a interrelación entre propostas que no caso de programas moi especializados impide mesmo que se coñezan. E, en terceiro lugar, o reitor menciona a visibilidade que logran os campus a través das propostas académicas: que permite a captación de alumnos de doutoramento. Insiste en que evitar que estas propostas non substitúen ás outras, senón que deben potenciar o que xa existe, é dicir, complementar e aumentar a forza dos programas que están funcionando. Reitera que esta dificultade foi ensaiada no programa piloto do Campus do Mar, e sinala que os profesores que pilotan estes proxectos que hoxe se presentan xa traballan en conxunto e contan coa experiencia dos que lideran o Campus do Mar.

O profesor Reigosa Roger pregunta de novo se entre os 150 investigadores que apoian os novos programas hai xente que non participara anteriormente noutros programas, o cal querería dicir que hai profesores que se incorporan á investigación activa, o que sería unha boa nova.

Responde a vicerreitora que iso poderá comprobarse na redacción das memorias.

Finalizadas as intervencións, apróbanse as declaracións de interese de títulos de grao, máster e doutoramento por asentimento.

Punto 7. Aprobación, se procede, do acordo sobre a ampliación da duración do permiso de paternidade aplicable ao profesorado pertencente aos corpos docentes universitarios.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización docente e Profesorado, quen explica que o texto relativo a este punto, enviado coa convocatoria, expón a actual situación dos chamados permisos de paternidade, polo nacemento, acollemento ou adopción dun fillo ou dunha filla para os distintos colectivos da Universidade de Vigo. Como nel se recolle, o PAS (en aplicación do previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia) e o PDI laboral (como consecuencia do do II Convenio Colectivo do PDI laboral das universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo) dispoñen dun permiso de 29 días por este concepto. Non así o PDI funcionario, para o que se vén pospoñendo a aplicación dun permiso similar, recollido no artigo 49 c) do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo RDL 5/2015, do 30 de outubro. A vicerreitora indica que, mentres este non se aplique, corresponde á Universidade e a este Consello de Goberno aprobar un permiso de duración similar.

Finaliza a vicerreitora dicindo que esta proposta foi discutida na mesa de negociación do PDI, que apoiou a medida.

Non hai intervencións, polo que o reitor propón a aprobación da proposta. Apróbase por asentimento (**Anexo IV**).

Punto 8. Aprobación, se procede, da Convocatoria de axudas á investigación do ano 2016.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia, que comeza indicando que a convocatoria de axudas á investigación que se somete a aprobación mantén os principais apartados e conceptos de axuda de anos anteriores: axudas a grupos de investigación, axudas para a organización de congresos e de exposicións artísticas, axudas á

mobidade do persoal investigador, e programa de bolsas e axudas á formación. Tamén se mantén unha especial atención ao apoio ao persoal en formación, o que se reflicte no feito de que aproximadamente o 70% do orzamento oriéntase especificamente a esta categoría de persoal investigador. Así mesmo, continúaase incidindo no equilibrio entre ámbitos de coñecemento na concesión das axudas, de modo que os mellores candidatos de cada ámbito poidan ser adxudicatarios.

A continuación destaca os aspectos máis significativos que varían con respecto á convocatoria do ano 2015:

- No apartado de contratos-programa con grupos de investigación, consolídase o obxectivo de que estas axudas contribúan a mellorar as posibilidades de participación dos grupos da Universidade de Vigo en convocatorias competitivas externas de financiamento estrutural a grupos, e o seu coordinación coa convocatoria anual da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinada á consolidación e estruturación de unidades de investigación do SUG. Mantense unha distribución en dúas anualidades, intentando facilitar no posible a adaptación ás necesidades e posibilidades de execución dos grupos.
- Nas axudas para a organización de congresos, onde se consideran tanto congresos que se realicen en 2016 como en 2017, contéplase a dotación da axuda no ano de realización do congreso, se os grupos o solicitan, tamén co obxectivo de adaptarse no posible ás necesidades e posibilidades de execución.
- No programa de axudas predoutorais, prosegue a vicerreitora, adaptáronse os criterios de admisión á normativa de doutorado vixente. Tamén se modificaron os criterios de avaliación, no relativo ao cálculo da nota de expediente ponderada, considerando o caso dos candidatos con titulacións de licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou grado de 300 créditos, do mesmo xeito que se fai en axudas análogas a nivel autonómico e nacional. Ademais, incrementouse a dotación económica destas axudas, que pasan de 18000 euros a 20500 euros anuais por persoa, custos incluídos.
- En canto ás bolsas de colaboración en centros de apoio á investigación, explica que se inclúen algúns cambios nos perfís das bolsas convocadas, máis adaptadas ás posibilidades actuais de formación nestes centros.

Finalmente, a vicerreitora comenta que, en todos os casos en que foi posible, tanto nas axudas a grupos de investigación como nas individuais, intentouse introducir criterios de priorización que teñan en conta a consideración de xénero, en cumprimento do Plan de Igualdade da Universidade de Vigo.

Para rematar, indica que esta convocatoria foi aprobada por unanimidade en Comisión de Investigación de 7 de marzo de 2016, e propón a súa aprobación para aplicación inmediata.

Ao non haber intervencións en relación con este punto, apróbase a proposta (**Anexo V**) por asentimento.

Punto 9. Aprobación, se procede, da Convocatoria de prazas e axudas de aloxamento nas residencias de estudantes da Universidade de Vigo, para o curso 2016/17.

O reitor dá paso ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais para a presentación desta convocatoria, que segue a mesma tónica dos anos anteriores. Explica que

coa finalidade de contribuír a paliar os gastos de aloxamento para estudantes da Universidade de Vigo para o curso 2016/2017:

1. Convócanse axudas de aloxamento para residencias universitarias ao alumnado que xa foi residente no curso 2015/2016 para a súa renovación de praza no curso 2016/2017 e ao alumnado de novo acceso.
2. No caso de quedar prazas vacantes nas residencias universitarias no punto primeiro, abrirase un prazo para que o alumnado interesado solicite estas prazas directamente nas residencias universitarias a partir do día seguinte a publicación e ata o 30 de setembro de 2016. Estas prazas asignaranse segundo os criterios establecidos nesta convocatoria, ata acadar a ocupación total das prazas ofertadas.
3. A convocatoria publicarase nos taboleiros da Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, no rexistro xeral, nos rexistros auxiliares e na páxina web da Universidade de Vigo.
4. A solicitude de prazas e axudas de aloxamento realizarase por vía web e unha vez asinada, deberá presentarse, xunto coa documentación requirida, nos lugares que se indican na convocatoria.

Destaca o vicerreitor que non hai cambios con respecto aos anos anteriores.

O representante de alumnos Luis González Varela pregunta pola situación da residencia do Campus de Ourense.

Responde o vicerreitor que está nunha situación que non depende da Universidade de Vigo, polo que estamos á espera da resolución. O único que podemos facer é instar para lograr esa solución. De todos os xeitos, informa que no peor dos casos, e ao igual que no curso 2015/16, manterase a axuda de aloxamento aos alumnos do Campus de Ourense.

Intervén o vicerreitor do Campus de Ourense, quen confirma que, en efecto, a situación da residencia universitaria depende do Concello de Ourense, estando pendente de urbanización dos terreos e a posterior apertura da residencia. Reitera que dende o equipo de goberno se fai todo o que se pode para acelerar as actuacións.

Pregunta o Sr. González Varela se existen previsións de prazos para a regularización. Responde o vicerreitor de Planificación que se están a facer tódalas xestións posibles para dispor da residencia no vindeiro curso académico, pero que non se pode confirmar unha data certa ao non depender a solución da UVigo.

Finalizadas as intervencións, apróbase a proposta por asentimento (**Anexo VI**).

Punto 10. Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada presentado por D. José Bonome García, sobre a adxudicación dos premios extraordinarios de doutoramento 2014/15 do ámbito Artes e Humanidades.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen realiza unha breve exposición dos antecedentes deste caso.

- Lembra que por Resolución reitoral, de 15 de xullo de 2015, publicouse a convocatoria de premios extraordinarios de doutoramento para as teses lidas no curso académico 2014/2015. No anexo I da convocatoria figuraba o acordo do Comité de Dirección da EIDO sobre os criterios de concesión dos premios extraordinarios.

- Con data de 4 de novembro de 2015, constituíuse o tribunal encargado de propoñer a concesión de premios no ámbito de Arte e Humanidades e acordaron concretar os criterios de valoración. O día seguinte, o tribunal valorou os méritos dos candidatos e realizou a proposta de adxudicación provisional. D. Antonio José Bonome García presenta unha reclamación a dita proposta.
- O 11 de decembro de 2015 o tribunal atende a reclamación do solicitante e acorda desestimala, excepto no punto relativo as estadías, no que se recoñece unha puntuación máxima de 10 puntos. Nesa data, o tribunal eleva a definitiva a súa proposta de adxudicación e o día 17 de decembro a comisión permanente da EIDO elevou ao Consello de Goberno a lista definitiva de adxudicación dos premios extraordinarios de doutoramento, que foron aprobados na súa sesión extraordinaria do 18 de xaneiro de 2016.
- O día 27 de xaneiro de 2016 D. Antonio José Bonome García presentou recurso de alzada contra o acordo do tribunal encargado de valorar e contra a proposta de adxudicación dos premios extraordinarios de 11 de decembro de 2015, na que solicita:
 - En primeiro lugar, que se declare a nulidade do baremo específico acordado polo tribunal de avaliación de candidaturas aos premios de doutoramento 2014/2015 e que se proceda á publicación dun novo baremo específico, con carácter previo á nova presentación das solicitudes, no que se sinalen tanto os criterios como a motivación da puntuación por cada un deles.
 - E, en segundo lugar, que se declare a suspensión da execución as resolucións impugnadas por concorrer causa de nulidade do artigo 62 da lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

En relación coa primeira das súas peticións, o recorrente alega indefensión por non coñecer todos os criterios que ían ser valorados polo tribunal. A secretaria xeral explica que nas bases da Convocatoria de Premios Extraordinarios de doutoramento dispón que *“as regras xerais de actuación dos tribunais encargados de elaborar a proposta de concesión dos premios extraordinarios de doutoramento serán as que aprobou o Comité de Dirección da EIDO na súa reunión do día 12 de marzo de 2015”*. E o acordo do Comité estableceu tres criterios: valoración formal da tese, valoración das contribucións máis relevantes e mobilidade, pero no propio anexo I da convocatoria facúltase ás comisións para que completen ou maticen o baremo xeral, de acordo con unhas características, e ademais recolle o procedemento de actuación dos tribunais encargados de elaborar a proposta de concesión de premios extraordinarios de doutoramento. O procedemento consiste en que, tras a constitución do tribunal, publicarán o baremo específico a aplicar para avaliar os méritos nunha acta asinada por todos os membros do tribunal. E, como xa foi indicado, o día 4 de novembro de 2015, o tribunal encargado de conceder os premios extraordinarios de doutoramento no ámbito de Arte e Humanidades, acordou e fixo públicos os criterios específicos a aplicar para avaliar os méritos.

En base ao exposto, dado que os criterios específicos acordados polo tribunal axústanse ao establecido na convocatoria, e que estes criterios non foron recorridos polo interesado, propónse a desestimación do recurso neste punto.

Tamén en relación coa primeira solicitude, explica a secretaria xeral, o recorrente alega, por unha banda, falta de motivación das distintas puntuacións do baremo específico, en concreto por que se lle dá máis importancia aos premios e adquisición de obra artística en entidades

públicas que as comunicacións en congresos, incluso con publicación. Por outra banda, respecto ao informe de avaliación alega que non se especifican as puntuacións recibidas por cada un dos méritos.

A este respecto, prosegue a secretaria xeral, o informe da Asesoría Xurídica propón que se retrotraia o procedemento a fin de que o tribunal motive por que se lle dá mais importancia aos premios e adquisición de obra artística en entidades públicas que ás comunicacións en congresos, así como as puntuacións de cada un dos apartados valorados.

Continúa explicando a secretaria xeral que, polo que se refire á solicitude de suspensión, a Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común dispón que os actos das Administracións Públicas sometidos a dereito administrativo serán inmediatamente executivos, sendo a suspensión unha excepción, agás en dous supostos que non concorren neste caso, polo que considérase que non procede a suspensión da execución das resolucións impugnadas.

Polo tanto, resume a secretaria xeral, a proposta que se presenta diante deste Consello de Goberno é a seguinte:

- Desestimar a solicitude de nulidade do baremo específico aprobado polo tribunal e, por conseguinte, tamén a de que se proceda á publicación dun novo baremo específico e nova presentación de solicitudes.
- Desestimar a suspensión da execución das resolucións do tribunal avaliador.
- Estimar a petición de xustificación dos criterios específicos empregados e das cualificacións outorgadas, retrotraendo o proceso para que o tribunal emita un informe debidamente aclaratorio.

Finalizada a presentación da secretaria xeral, ábrese unha rolda de intervencións. O profesor Juan Carlos Meana agradece ao director da EIDO, profesor Antonio Pino, pola súa actuación neste caso. Explica que el actuou como presidente do tribunal encargado de propoñer a concesión de premios no ámbito de Arte e Humanidades, e que sempre se actuou de acordo coas normativas. Que as decisións tomáronse por unanimidade. Refire que, en efecto, houbo un erro inicial, no que non se valoraron as estadías do reclamante, pero que tras o recurso subsanouse o erro.

Pregunta o profesor Reigosa Roger se a retroacción para que o tribunal xustifique as valoracións outorgadas aplícase a este caso ou a todos os considerados. Responde a secretaria xeral que a medida afecta tan só á valoración do recurrente.

Punto 11. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración entre a *Universidade de Porto*, a *Universidade de Trás-Os-Montes e Alto Douro* e a Universidade de Vigo para o fomento da empregabilidade dos seus estudantes – Convenio de cooperación entre a Universidade de Vigo e a *Università degli Studi di Perugia* – Convenio específico para o programa de doutoramento en Tradución e Paratradución entre a Universidade de Vigo e o *Instituto Politécnico do Porto* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Católica Portuguesa* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Católica Portuguesa* para o intercambio de estudantes – Convenio específico de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas (curriculares) en entidades colaboradoras, coa *Universidad Autónoma de Barcelona* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad del Salvador* (Arxentina) – Convenio específico de colaboración entre a

Universidade de Vigo e a *Universidad del Salvador* (Arxentina) para o intercambio de estudantes.

Apróbanse por asentimento.

Punto 12. Elección dun representante do PDI na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes.

Explica a secretaria xeral que non se presentaron candidaturas, polo que convocarase novamente noutro Consello de Goberno.

Punto 13. Rogos e preguntas.

Comeza o profesor Álvarez Villamarín a rolda de intervencións, expresando os seus parabéns á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado pola iniciativa dos grupos de innovación docente. Neste eido xa había moita xente traballando, reitera que se trata dunha boa iniciativa. Prosegue facendo unha reflexión acerca da posible certificación da documentación docente que elabora o profesorado e que non busca unha saída comercial, senón que é ofertada gratuitamente aos alumnos, buscando unha mellora na transmisión da información. Indica que nin o servizo de publicacións, nin ningún outro servizo certifica a existencia destes documentos, nin teñen ISBN, polo que non poden ser considerados na petición de complementos, nin poden ser identificados como produción da UVigo. A pesar de que poden ser empregados por outras universidades. Propón que tal vez fora posible unha modificación do servizo de publicacións, xa que está pensado para que realizar unha certificación externa. Finaliza indicando que o feito de que os alumnos non paguen polos textos non debe limitar o recoñecemento destes documentos.

Responde a vicerreitora que o servizo de publicacións depende da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia. Considera que a proposta do profesor Villamarín é unha boa iniciativa.

Intervén a vicerreitora de Investigación e Transferencia expresando que entende a problemática. Nas convocatorias que se realizan, inclúese material docente, pero pasa unha avaliación externa. Remata indicando que se pode valorar realizar unha modificación, pero, na súa opinión, sempre debe haber unha avaliación, polo que o procedemento é custoso en tempo e diñeiro.

Responde o profesor Villamarín que o custo se pode trasladar. Reitera a vicerreitora que é unha cuestión que debe ser valorada.

Toma a palabra o profesor Pérez Cota para agradecer a expresión de solidariedade co profesor José Antonio Vilán. Manifesta tamén o seu desexo de nunca máis ningún ciclista se atope nesta situación.

O representante de estudantes Sr. Diéguez Rodríguez formula dous rogos. O primeiro deles relativo ao plan de recollida de refuxiados, que foi aprobado no Claustro do 9 de novembro de 2015. Dá lectura ao parágrafo da acta desa sesión do Claustro, que fai referencia a que o Plan de acollida do estudantado e profesorado das universidades Sirias, elaborado pola UVigo, segue as liñas definidas Conferencia de Reitores das Universidades Españolas, reunida Asemblea Xeral o 7 de setembro de 2015. Lembra os compromisos iniciais de acollemento da UE e España e os números dos realmente recibidos na actualidade. Recoñece que a Universidade de Vigo non ten capacidade de facer algo a nivel individual, pero visto o que

está a suceder, pide que se leve a cabo unha actuación na CRUE e nos medios de comunicación, para expoñer publicamente a nosa disposición ao acollemento, e vista a inoperancia dos gobernos, que quede patente a nosa postura.

O segundo rogo garda relación coas preguntas tamén formuladas no devandito Claustro polos representantes do estudiantado, motivadas pola memoria de negocios da Fundación de Innovación Aeroespacial, na que se menciona unha especialización en drones entre as actividades a realizar en colaboración co Centro de Investigación Aerotransportada, e na que se cita en concreto un modelo de dron militar. Reitera a preocupación de que a Universidade teña entre os seus plans a participación nesta investigación militar. Lembra que as preguntas foron presentadas por escrito, e que a secretaria xeral indicou que se responderían de igual xeito.

Responde a secretaria xeral que, como xa lles comentara daquela, a resposta sería elaborada por D. Jose Antonio Vilán e D. Fernando Aguado, os profesores encargados de elaborar a memoria do Centro de Innovación Aeroespacial. Engade que o documento redactado é breve pero suficientemente claro, e que deu orde de que lles fora remitido. Se non o recibiron é por un fallo que será solucionado de inmediato. Afirma que lles remitirá o informe por correo ás súas direccións.

O reitor explica que trasladará a postura da UVigo aos medios e a CRUE, como xa se fixo en ocasións anteriores.

Intervén a continuación o Sr. González Varela que dá lectura ao contido dun escrito adiantado á Secretaría Xeral no que expresa o seu malestar pola utilización que, na súa opinión, se realiza da PDA para recortar o número de profesores, concretamente profesores asociados, o que repercute negativamente na calidade da docencia, fundamentalmente pola saturación nas aulas que dificultan a docencia segundo os criterios de Bolonia. No escrito, que se engade como anexo a este acta (**Anexo VII**) se pregunta polos argumentos que xustifican os recortes sistemáticos que, segundo o representante, se están a levar a cabo e si o Goberno da Universidade é consciente dos danos que se causa con eles á calidade da docencia e nos dereitos do alumnado.

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado indica que, evidentemente, non pode responder a todo, sen ler detidamente o documento, pero si pode aclarar que non hai grupos de prácticas que superen os 30 alumnos en ningún caso, nin tendo en conta os repetidores. Recoñece que poden presentarse problemas puntuais, pero se resolven a medida que xorden.

Tamén subliña que as PDA de grao aínda non se aprobaron. Ata o de agora aprobáronse as normas da PDA, nas que se intenta reflectir como se imparte a docencia en función das necesidades do alumnado, intentando manter un equilibrio. Comprométese a dar resposta cando reciba o escrito.

O representante do estudiantado Sr. Alexandre Louzao expón a situación das persoas que solicitaron unha bolsa e que foron resoltas negativamente en marzo. Na UVigo déuselle unha semana de prazo para pagar, e os alumnos que se atopan nesa situación non teñen a capacidade de facer ese pago. Solicita que se revise o procedemento seguido na comunicación e execución do pago en caso de denegación da bolsa do Ministerio.

Responde o xerente da UVigo, quen informa que neste curso non se produciron cambios con respecto ao precedente nos procedementos, senón que a sistemática é a de todos os anos. Lembra que na Universidade danse 6 prazos para o pago da matrícula, máis que en calquera outra universidade. Tamén indica que dende o Servizo de Alumnado, ante calquera dúbida da

concesión da bolsa do MECD ,aconsellan aos alumnos non deixar os pagos ata última hora, en especial coa chegada das resolucións provisionais no mes de xaneiro, e que os prazos de pago dos abonares non son dunha semana. Informa que é difícil pospoñer máis aló do mes de marzo os pagos da matrícula (mes no que se xira o último prazo dos pagos domiciliados), polos prazos que establece a normativa SEPA. En calquera caso, analizarase novamente a solicitude e darase resposta.

Intervén o reitor para confirmar que se realizará o estudo técnico para ver a posibilidade de actuación nestes casos.

A continuación toma a palabra o Sr. Xan Cebro. Manifesta a súa opinión de que non se deberían pedir tantos papeis aos estudantes, cando o servizo de bolsas ten acceso aos datos de facenda. É duplicar a documentación. A continuación, formula diversas preguntas:

- En primeiro lugar, indica que solicitaron ao xerente, por escrito, a promoción interna que a Xunta de Galicia tirou abaixo. Indica que a somos a única Universidade á que lle aconteceu.
- Prosegue indicando que pediron unha xuntanza e fixeron unha proposta de priorización, e que se enviara só de C2 a C1. Se produce un prexuízo económico que se debería arranxar. Non entende porque ás outras universidades si teñen e nós non. En segundo lugar, pregunta canto lle custa á UVigo a aplicación Xescampus, en comparación coas outras universidades. Existen problemas de xestión e desta aplicación. Debería esixirse un bo servizo.
- Desexa preguntar por que se contrata unha empresa privada, CCamiña, para facer o Plan de Formación do PAS, tendo servizos propios e nomeadamente a Unidade de Estudos e Programas. Cuestiona o procedemento proposto por Xerencia, no que se solicita que os xefes de servizo sexan entrevistados pola encargada da empresa, e cuestiona a capacitación da empresa para esta tarefa.
- Propón unha reflexión ao reitor: estamos en plena negociación da RPT e hai inxerencia entre os compañeiros. Tamén están reunidos os directores de departamento. Ese malestar se produce sobre todo nos campus de Ourense e Pontevedra. Comunica que están mantendo reunións e asembleas, nas que non se fala das prazas, nin dos concursos, só se di que non se entende a RPT para o bo funcionamento da Universidade. Comenta que eles son os máis interesados no bo funcionamento, pero parece que a RPT é incongruente. Que isto non acontece en ningunha universidade: todas teñen un modelo. As porcentaxes nas áreas de xestión son as que marcan ese modelo, debe ser maior onde se presta o servizo. Por iso, di que non se entende que a área de alumnado se cargue nun 45% en servizos centrais. Tampouco se entende, na súa opinión, a organización da Vicerreitoría de Investigación. Debe cambiarse o modelo de xestión da Universidade, pero non así. Insiste en que en Ourense están moi molestos: teñen 10 persoas por riba da RPT dende o ano 2008, que van desaparecer. Consideran que non se está a valorar o seu traballo. Expón que o seu espírito é positivo, polo que van facer unha proposta, presentando un modelo no que se poden flexibilizar certos puntos. Modelo flexible pero mantendo a singularidade.

Responde o reitor agradecendo a reflexión suscitada. Explica que a proposta é un documento técnico elaborado pola Xerencia da Universidade en función das opinións e aportacións formuladas polos xefes de servizo e demais responsables do PAS, entre outros membros da Comunidade Universitaria. Agora estase na fase de negociación e alégrase e ánimaos a que fagan unha proposta alternativa que aporte outra visión, a cal poderá debaterse e así tentar

chegar a acordos. Reitera que neste proceso estase intentando escoitar a opinión de todos os implicados.

Dá paso ao vicerreitor de Economía e Planificación e a o xerente, para que respondan ás outras cuestións

O vicerreitor agradece tamén o espírito en positivo, xa que hai unha mesa na que se agardan as contrapropostas para seguir avanzando na negociación, e responde a algunha das cuestións formuladas polo Sr. Cebro Rodríguez.

- En primeiro lugar, en relación coa formación do PAS, asegura que non se contratou a unha empresa para levar a cabo a formación do pas. Como vostede sabe, prosegue, estase a elaborar un Plan de Formación anual no que se integran os diferentes cursos e accións formativas, ofertadas ao PAS, co obxectivo de adaptar a formación ás necesidades reais do traballo na universidade e ós novos retos aos que este traballo se enfrenta (internacionalización, modificacións legais, etc.). Por elo estase a desenvolver un proceso complementario que permita coñecer cales son as necesidades que os responsables dos servizos perciben. Nesa actividade, contarase co apoio de CCamina. Reitera que non é o mesmo realizar a formación que asesorar a Comisión de Formación, co seu coñecemento, no deseño do plano de formación.
- En referencia a Xescampus, comenta que, tendo en conta a situación inicial, na actualidade non hai queixas dese programa, salvo por fallos puntuais. Expón tamén que estes desenvolvementos se realizan a través do CIXUG. Se a Universidade de Vigo paga máis é porque realiza máis desenvolvementos.

Cede a palabra ao xerente para que responda máis polo miúdo as cuestións formuladas.

O xerente, indica que non entende que quere dicir o Sr. Cebro con respecto aos papeis que solicita a Sección de Bolsas aos estudantes, no seu parecer o persoal da Sección e moi competente e so solicita o necesario e imprescindible en función dos procedementos regrados, en calquera caso agarda que o Sr. Cebro facilite os detalles do indicado para analizalos coa Sección e, se fora o caso, mellorar no servizo que se esta a prestar polo PAS.

- En relación coa política de promoción interna lembra que a UVigo formulou a petición a Xunta de Galicia consonte se lle demandou pola Xunta PAS neste propio Consello de Goberno, advertíndose dende o principio que ese tipo de propostas maximalistas posiblemente deran lugar a un rexeitamento total, que foi o que finalmente aconteceu. Lembra que o motivo do rexeitamento foi o incremento da masa salarial, o cal era moi importante, en consideración da Xunta de Galicia, polo volume de promocións demandadas, circunstancia que non mudou a dia de hoxe. A única posibilidade de impulsar a promoción e minorar na mesma contía o gasto adoptando outro tipo de medidas complementarias.

Informa que na USC dende o 2011 e ata o 2015 non houbo ofertas publicas de emprego, e neste ultimo ano a oferta de promoción interna para o PAS Funcionario consistiu en 3 prazas de Técnico Superior de Administración Grupo A1, ningunha de C2 a C1. Solicítalle ao Sr. Cebro rigorosidade no manexo dos termos.

- En relación co programa Xescampus quere informar que tódolos anos se levan a cabo roldas de reunións entre a Xerencia e os responsables PAS da Xestión Académica (a ultima tivo lugar ao longo dos meses de outubro e novembro de 2015, coincidindo co remate da

matricula) e nestas non se están a trasladar problemas de funcionamento da ferramenta informática, polo que non e certo o que di o Sr. Cebro.

Pola contra informa que se están a implantar novos procedementos a petición destes responsables, moitos dos caes son iniciativa da UVigo no conxunto do SUG, caso da xestión do doutoramento ou dos traballos de fin de grao, sen prexuízo de avanzar noutros como a emisión de Títulos.

Lembra que o Xescampus se emprega nas tres Universidades do SUG e que pertence ao CIXUG que é un consorcio do SUG, o que non deixa de ser unha medida de mellora da eficiencia e da coordinación. Aclara que tódalas Universidades pagan o mesmo polo mantemento da ferramenta, se ben tódalas iniciativas que impulsa a UVigo implican un maior custo inicial, que se recupera cando as novidades se implementan nas outras universidades.

- En relación co Plan de formación, informa que non é certo o que di o Sr. Cebro e en tal senso xa lle respostaron os seus propios compañeiros nas redes, sinaladamente algúns membros da Comisión de Formación PAS, polo que non quere incidir nesta cuestión. Si quere informar de que o modelo de formación do PAS está esgotado na súa versión actual. Para poder modificalo, compre realizar un estudo, levar a cabo unha reflexión sobre o que se está facendo e valorar dende diferentes ángulos, conxuntamente coa Comisión de Formación PAS, como se pode formular unha nova estratexia. Hai que recadar a información dos compañeiros e buscar novos enfoques, polo que solicitouse o apoio puntual dunha empresa, como en outras ocasións e cuestións, mais as accións e decisións en relación ao plano de formación seguen a residir na Comisión de formación
- En canto á negociación da RPT, ao igual que o Reitor, alégrase de que por fin se decidan a formular unha alternativa ao documento da Xerencia. Na súa opinión é totalmente imprescindible dispor dun modelo alternativo global elaborado pola Xunta PAS, lembra que a día de hoxe, despois de catorce meses de negociación, non se dispón do mesmo, pese ao cal seguirase a negociación entorno do plano que si achegou o goberno e tentarase achegar posturas.

Reitera que no proceso de elaboración da proposta da Xerencia falouse con todos os responsables do PAS, e que nesas roldas de conversas, en ocasión ata tres por servizo ou ámbito, participaron ata os postos base (sempre a criterio dos responsables PAS). Matiza que a Xerencia e a única responsable da proposta e que o que se está a propoñer para esta universidade non e ningunha novidade, tamén se levou a cabo noutras universidades, por exemplo a UdC, hai dous anos e sen ningún conflito.

Insiste o xerente, en que e necesario que a estrutura administrativa acompañe aos cambios que se están a producir na UVigo, a actual estrutura é do ano 1999 e ten moitos desaxustes con respecto aos requirimentos actuais. Lembra que o lugar de negociación é a mesa de PAS, na que se debaten todas as posturas, pero non sempre é posible contentar a todos.

Entrando nas cuestións puntuais formuladas polo Sr. Cebro informa que:

- A proposta da Xerencia implica un incremento de 10 prazas na RPT do PAS Funcionario, a mais da posibilidade de promocionar a 3 novas xefaturas de sección, 21

xeaturas de area, 14 xeaturas de negociado nivel 20 e 3 xeaturas de negociado nivel 18.

- No Campus de Ourense a RPT actual ten 41 postos (agás biblioteca) e na proposta da Xerencia se plantean 40 postos (agás biblioteca). Lembra que a RPT do Campus de Pontevedra, cunha estrutura similar, conta na actualidade con 30 postos (agás biblioteca), sen ningún posto por riba de RPT, e que na proposta da Xerencia se plantean 33 postos (agás biblioteca).
- Non comparte que sexa peor modelo a atención ao mestrado e ao doutoramento que se formula na proposta da Xerencia, cunha especialización e cualificación salientables, que a situación actual, onde a atención se fai por postos base por riba de plantilla.
- Lembra que na UdC se eliminaron os Secretarios de Departamento se crearon as UXAI's e as UDAI's e que o sistema leva funcionando a perfección dende fai tres anos. Na súa opinión neste tipo de tarefas de actividades o traballo en grupo e en rede sempre da mellores resultados que calquera outra alternativa.
- Non comparte que o modelo de atención a Investigación e a Transferencia formulado pola Xerencia, cun reforzo dos Servizos Centrais creando unha sección para a xestión dos RR.HH. da I+D e unhas unidades específicas nos campus e Ámbitos non sexa mellor que o modelo actual onde se carece deses recursos. Lembra os bos resultados que se están acadar no Campus de Ourense coa experiencia piloto que se está a desenvolver.

Finalizada a intervención do xerente, intervén o Sr. Federico Fernández. Expón que foi recuperada a paga extra de decembro de 2012, despois de lidar en vía xudicial. Na actualidade están empezando a ditarse as sentenzas relativas as demandas do recortado no 2013. Non se quere ter que chegar ao Tribunal Supremo, así que, entendendo o problema dos orzamentos, pide que faga fronte a eses pagos para se recuperen polo menos os dous meses que son dereitos adquiridos.

O Sr. Luis Pérez solicita tamén que se aplique a sentenza respecto á demanda do persoal funcionario, ao persoal laboral, aboando os atrasos nas mesmas condicións que os funcionarios (como se asegurou no Consello de Goberno de decembro pasado) e non ter que chegar á vía xudicial.

Responde o vicerreitor de Economía que, en relación coa paga extra de 2012, debería lembrarse que na UVigo adiantouse o pago da mesma, antes de recibir o abono da Xunta, por diante das outras universidades. Prosegue indicando que as sentenzas confirman ese aboamento da extra de 2013, entre xaneiro e febreiro, e que na última conversa mantida coa Consellaría, eran conscientes de que ía suceder así, pero, na súa opinión, deben estar considerando o momento oportuno para recoñecer ese feito e realizar o pagamento. Confirma que, no momento en que a Xunta o anuncie, a Universidade de Vigo intentará facer o abono, sen agardar a nos fagan efectivo o importe. En relación cos atrasos, confirma que vanse aboar e con retroactividade do 2015.

Intervén o xerente. Indica que o vicerreitor xa trasladou a resposta e lembra que o pasado venres se mantiveron dúas xuntanzas co PAS Laboral, nas que xa se informou disto. Neste senso, informa que o venres, aparte da reunión para a negociación da RPT do PAS Laboral, tivo lugar a primeira reunión tripartita para a funcionarización do PAS Laboral, coa participación da Xunta PAS Funcionarios.

O señor Federico Fernández propón, en relación cos atrasos, que a retroactividade debe estenderse polo menos ata setembro de 2014.

Toma a palabra o reitor quen confirma que, sempre que teñamos a seguridade xurídica, realizárase o esforzo económico necesario para cumprir. Como pode comprobarse polo caso anterior.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:40 h do día 14 de marzo de 2016, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.



O reitor

Salustiano Mato de la Iglesia



A secretaria xeral

Gloria M. Pena Uris